

PLAN TERRITORIAL DE EMERXENCIAS TRANSFRONTEIRIZAS

ESTUDO ESTRATÉGICO RELATIVO Á CREACIÓN DUNHA REDE DE
MANDO OPERATIVO ÚNICO



Interreg
España - Portugal

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



UNIÓN EUROPEA
UNIÃO EUROPEIA

ARIEM +



Índice

1.	INTRODUCCIÓN	2
2.	REDE DE MANDO OPERATIVO ÚNICO	2
3.	DIFICULTADES E NECESIDADES ESPECÍFICAS	3
3.1.	SISTEMAS DE COMUNICACIÓNS	3
3.2.	DIFERENZAS NA TIPOLOXÍA DE MEDIOS E ORGANISMOS	3
3.3.	TRANSFERENCIA DE MANDO	4
3.4.	MEDIOS ACTUANTES.....	4
3.5.	COMUNICACIÓN BILATERAL E INFORMACIÓN RECÍPROCA	5
4.	REDE DE MANDO OPERATIVO ÚNICO BASEADA NO I.C.S.	6
4.1.	FUNCIÓNS	6
4.2.	DIRECCIÓN POR OBXECTIVOS	7
4.3.	CADEA DE MANDO, ESTABLECEMENTO E TRANSFERENCIA DE MANDO.....	7
4.4.	FLEXIBILIDADE NA ORGANIZACIÓN DA REDE	7
4.5.	TERMINOLOXÍA COMÚN	8
4.6.	INTEGRACIÓN DE COMUNICACIÓNS	8
4.7.	PLAN DE ACCIÓN DA INCIDENCIA	8
4.8.	ORGANIZACIÓN DA REDE	9
4.9.	ESTRUTURA ORGANIZATIVA DA REDE	10
4.9.1.	Staff de Mando.....	10
4.9.2.	Sección de Operacións	10
4.9.3.	Sección de Planificación	11
4.9.4.	Sección de Loxística.....	11
4.9.5.	Sección Económica e de Administración.....	12
4.9.6.	Plan de acción	12
5.	PUNTOS A CONSIDERAR	13



1. INTRODUCCIÓN

Un dos piares básicos para poder xestionar unha emerxencia de forma eficiente está en realizar unha axeitada planificación e previsión, baseándonos nas características da zona e da súa poboación. Moitas situacións de emerxencia afectan a un área que corresponde a diferentes xurisdicións territoriais ou administrativas. É dicir, en certos casos unha emerxencia pode afectar a un só municipio, a varios municipios, provincias/distritos ou mesmo países. Atendendo a este suposto, é lóxico atoparse medios de distintas xurisdicións que pertencen a servizos distintos, ben sexan públicos ou privados.

Noutros casos a emerxencia ten lugar dentro dun único municipio, pero precísanse para afrontala distintos medios. Ambos casos corresponden a situacións de emerxencia en que debe aplicarse unha rede de mando operativo único.

Tendo en conta o anterior, compre avaliar e estudar as necesidades específicas de cada socio a fin de definir a posibilidade da configuración desta rede de mando operativo único, que mellore a xestión e coordinación *in situ* das emerxencias na zona ARIEM.

2. REDE DE MANDO OPERATIVO ÚNICO

Esta rede de mando operativo único debe entenderse como o resultado de desenvolver uns obxectivos e estratexias conxuntas por todos os departamentos e/ou servizos con responsabilidade xurisdiccional ou funcional sobre unha situación de emerxencia. Sen menoscabo nin incremento da autoridade ou responsabilidade de cada un.

Unha rede de mando único implica o seguinte:

- Unha soa organización integrada para afrontar a emerxencia.
- Un Posto de Mando Único.
- A dirección da emerxencia realizarase baixo un plan de acción único e coordinado.
- Un sistema único de mobilización de recursos.

Ademais, aporta as seguintes vantaxes:

- Fluxo de información entre todas as partes involucradas na emerxencia.
- Desenvolvemento dun obxectivo global e de estratexias colectivas para todos os medios involucrados na emerxencia.
- Optimízase cada recurso, ao seguir un plan conxunto e evitando ou reducindo as tarefas duplicadas. O que implica tamén unha redución de custes.
- Cada parte é completamente consciente dos plans, accións e límites das outras.

3. DIFICULTADES E NECESIDADES ESPECÍFICAS

3.1. Sistemas de comunicacións

A xestión de comunicacións é un dos campos máis importantes que permite que todas as demais actuacións se coordinen entre si nunha emerxencia. Dependendo do tamaño e da complexidade da situación da emerxencia, poderán establecerse diferentes redes de comunicación: rede de mando, redes tácticas, rede de soporte, rede terra-aire, rede aire-aire.

A maior dificultade que nos atopamos na xestión da emerxencia *in situ* é que cada socio da zona Ariem utiliza os seus propios sistemas de comunicación, o que non facilita unha interconexión de comunicacións entre os medios que participan na emerxencia, o que pode levar a un problema de seguridade.

Por exemplo, Galicia ten unha rede pública propia de comunicacións móbiles con tecnoloxía TETRA (Trans European Trunked Radio) para emerxencias e seguridade que posibilita a integración das comunicacións de todos os colectivos con competencias en materia de emerxencias e seguridade, de ámbito autonómico, provincial, comarcal e local, ademais de ter integrado tamén para certos organismos o SIRDEE (Sistemas de Radiocomunicaciones Digitales de Emergencia del Estado). En Castela e León, utilizan distintos sistemas como pode ser unha rede analóxica para os medios de Medio Ambiente, sistema DMR ou o SIRDEE para medios de emerxencia. En Portugal utilizan o SIRESP (Sistema Integrado de Redes de Emergência e Segurança de Portugal) baseado en tecnoloxía TETRA e a rede analóxica VHF de la Rede Operacional de Bombeiros.

Como se pode ver, isto supón un problema de compatibilidades entre os distintos sistemas dixitais, pero maioritariamente entre os sistemas dixitais e analóxicos. Dándose o caso que dentro da actuación dunha emerxencia teñamos medios utilizando un sistema dixital e outros o analóxico, non existindo comunicación algunha entre eles e provocando un grave problema de seguridade.

Á incompatibilidade de dispositivos hai que sumarlle que en multitude de ocasións non se utiliza unha linguaxe clara, é dicir, empréganse códigos de radio ou tamén indicativos que poden ser particulares para cada colectivo actuante. Ademais do idioma que en determinadas partes del territorio da zona Ariem pode agravar o problema.

3.2. Diferenzas na tipoloxía de medios e organismos

As diferentes formas de habilitación e formación dos medios, as distintas orixes no que respecta a profesional vs voluntario, ademais da disparidade de medios en Portugal fronte ao atopado en España, supoñen un hándicap á hora de abordar a coordinación nunha emerxencia.

Ademais, en certos índices de risco que cada organismo calcula para o seu territorio, non existe similitude no número de niveis indicativos do risco, o que leva á non concordancia ou á confusión nas zonas fronteirizas.

3.3. Transferencia de mando

O *Pacto de Ayuda Mutua y Protocolos de Actuación de Actuación Conjunta Ariem-112* establece que cando nunha situación excepcional na que para unha mesma incidencia se atopen actuando distintos organismos, farase cargo do mando o Servizo que se atope dentro do seu ámbito de actuación e dispoña da competencia nese marco territorial, de acordo coa normativa de aplicación en cada caso, promovendo de tal forma o mando único operativo na resolución da emerxencia.

A transferencia de mando pode ser debida a:

- Cando a emerxencia crece en complexidade e se fai cargo da situación un mando superior que chega ao escenario, ou ben xa foi designado por unha autoridade superior.
- Cando a situación de emerxencia está controlada e se desmobilizan os medios, polo que, o mando é transferido dun mando superior a un inferior.
- Por relevo do persoal, en emerxencias de longa duración.
- Transferencia a un mando xerárquico inferior, pero con algunha cualificación específica que o convirte na mellor opción de dirección nunha emerxencia determinada.

Ademais do anterior, débese ter en conta que a transferencia de mando pode vir dada en función do ámbito de actuación, o que realmente crea un problema á hora da transmisión deste mando. Normalmente, esta transmisión de mando non se leva a cabo cando acontece esta situación entre comunidades autónomas españolas ou en zonas fronteirizas entre España e Portugal. Neste caso existe unha separación, creándose postos de mando distintos para as distintas xurisdicións territoriais e cunha cooperación mínima.

Por isto, a rede de mando operativo único ten que permitir a súa adaptación a calquera posible evolución.

3.4. Medios actuantes

Dependendo da magnitude da emerxencia a cantidade de medios actuantes pode ser moi ampla e diversa. Ademais, pódese contar coa presenza de medios pertencentes a distintos organismos cunhas denominacións específicas e non coincidentes entre os distintos socios da zona Ariem. Incluso, dentro do mesmo organismo pode non coincidir dependendo da xurisdición territorial á que pertenza.

Esta falta de claridade nas denominacións entre todos os medios actuantes pode levar a:

- Dificultar a dirección e a coordinación dos medios.
- Desaproveitar os recursos dispoñibles.
- Problemas na execución do plan de acción único.

Ademais, os mesmos recursos poden ter características técnicas distintas, o que supón unha clara limitación no traballo conxunto. Un claro exemplo son os estándares empregados nos equipos de extinción de incendios nos distintos países, por un lado, na parte española utilízanse os racores tipo Barcelona e na parte portuguesa o tipo Storz.

3.5. Comunicación bilateral e información recíproca

O *Pacto de Ayuda Mutua y Protocolos de Actuación de Actuación Conjunta Ariem-112*, na súa quinta estipulación, fai referencia a que no suposto de emerxencias que pola súa especial extensión ou intensidade sexan particularmente graves, como no caso de activación de Plans de Emerxencia, Plan de Protección Civil ou en caso de Fenómenos Meteorolóxicos Adversos, as distintas partes elevarán ao máximo o nivel da súa cooperación e colaboración utilizando para efectuar a solicitude e ofrecemento de recursos, e de forma indistinta, o protocolo operativo baseado no sistema informático dos terminais Remote Manager ARIEM 112 e/ou o protocolo operativo baseado no sistema de comunicación telefónica a través dos números de cabeceira e os interlocutores cualificados dos Centros 112 da zona ARIEM 112.

Que esta estipulación faga fincapé en que se elevará ao máximo nivel de cooperación e colaboración en emerxencias, que pola súa especial extensión ou intensidade sexan particularmente graves, supón unha falta de comunicación entre as distintas partes sobre a información da emerxencia na fase inicial, o que pode repercutir na primeira mobilización de medios. Por exemplo, no caso de incendios forestais dunha superficie media en zonas fronteirizas é frecuente entre ambas partes que se dea falta de información coma: o número de recursos actuantes, a tipoloxía deses recursos... o que sen dúbida dificulta as labores de coordinación en dita zona. Cabe destacar neste punto, que en Portugal se ten adoptado, con posterioridade aos incendios de outubro de 2017, un sistema de xestión da información de incendios forestais (SGIF), ao que teñen acceso todas as entidades públicas que integran o *Sistema Nacional de Defensa da Floresta contra Incêndios*, e que contén os rexistros de superficies queimadas, e a información sobre recursos humanos e materiais, que en caso de ser compartido coas entidades equivalentes en España, sería de gran axuda en cooperación futuras.

Por outra banda, o uso voluntario por cada unha das partes da aplicación Remote Manager supón desaproveitar unha ferramenta moi potente e de traspaso de información para as distintas partes. Dispor en tempo real de todas as incidencias dispoñibles, a situación geográfica, visualización e seguimento de todos os dispositivos tipo tablet que se atopen activos... supón que todas as partes dispoñan desa información desde o inicio da emerxencia, podendo facer un seguimento da mesma, o que permitiría mellorar o tempo de resposta no procedemento/ofrecemento de axuda mutua entre organismos.

Ademais, para que este fluxo de información sexa descriptivo e permita facer o seguimento de flotas e a evolución da incidencia, os medios da zona Ariem ou polo menos a maioría, deberían dispor de dispositivos tipo tablet que permita a súa visualización e seguimento.

4. REDE DE MANDO OPERATIVO ÚNICO BASEADA NO I.C.S.

Analizando as dificultades e necesidades, unha posible solución para a creación dunha rede operacional de mando único, sería baseala no sistema organizativo denominado Incident Command System (I.C.S.) que supón unha potente e eficaz ferramenta para a dirección de calquera tipo de gran emerxencia.

Este sistema ten a súa orixe nos Estados Unidos (Incident Command System), cara os anos setenta, a raíz dunha onda de grandes incendios que ocasionaron a morte a centenas de persoas e perdas económicas millonarias. En España comezou a empregarse en Andalucía a mediados dos noventa, implantándose co tempo como sistema de planificación, seguimento e xestión dos traballos e tarefas a realizar durante a extinción de incendios forestais e pouco a pouco foise adaptando á xestión de todo tipo de emerxencias. Por tanto, este tipo de organización de medios humanos e materiais conta xa cunha traxectoria internacional ampla. Actualmente trabállase baixo a norma UNE-ISO 22320:2013 “Protección e seguridade dos cidadáns. Xestión de emerxencias. Requisitos para a resposta a incidentes”, que procede deste sistema.

A principal característica do sistema é a adaptabilidade da súa estrutura, permitindo modificar a organización do dispositivo en función do nivel de gravidade da emerxencia, pasando dunha organización simple a unha máis complexa.

4.1. Funcións

Para a dirección duna emerxencia, o I.C.S. considera a necesidade das seguintes funcións:

- **Dirección:** a dirección global de toda a rede planeada para facer fronte á emerxencia recae sobre *Incident Commander*, que é a persoa con maior responsabilidade sobre a dirección da emerxencia *in situ* e con responsabilidade global no resto de funcións. En toda emerxencia por sencilla que sea debe existir a figura de *Incident Commander*.
- **Operacións:** dirixe as accións tácticas para o cumprimento dos obxectivos establecidos polo *Incident Commander*.
- **Planificación:** recolle, avalía e distribúe a información na rede de mando para afrontar a emerxencia. Tamén se inclúe a información sobre o estado dos recursos, elaboración do plan de acción e a documentación relativa ao incidente.
- **Loxística:** responsabilidade de subministrar os servizos e o apoio que se precisen para atender todas as necesidades do incidente.
- **Económica e de Administración:** responsabilidade de gardar rexistros dos gastos relacionados co incidente, equipamentos empregados, informes sobre o persoal...



4.2. Dirección por obxectivos

Con independencia do tamaño ou complexidade da situación de emerxencia na dirección por obxectivos é necesario o desenvolvemento do seguinte:

- Coñecemento mutuo das organizacións, fins e capacidades de cada un dos organismos que interveñen.
- Definición de obxectivos que deberán ser compartidos por todos.
- Selección de estratexias apropiadas para acadar os obxectivos definidos.
- Execución de directrices: tácticas subordinadas á estratexia seleccionada, asignación de recursos e avaliación de resultados.

4.3. Cadea de mando, establecemento e transferencia de mando

O que se pretende na rede de mando operacional único baseada no I.C.S. é que exista unha coordinación nos distintos niveis, con dependencia xerárquica, da rede. Isto significa que cada recurso que participa na incidencia ten asignado un supervisor/xefe.

Inicialmente o mando nunha intervención dunha emerxencia será asumido pola persoa de maior rango xerárquico do organismo que se atope dentro do seu ámbito de actuación e dispoña da competencia nese marco territorial, de acordo coa normativa de aplicación en cada caso, promovendo de tal forma o mando único operativo na resolución da emerxencia. En función da evolución, deberase ir producindo unha transferencia de mando, polos seguintes motivos:

- Necesidade dunha persoa máis cualificada que asuma o mando.
- Cambio na situación da emerxencia, incluso na localización da emerxencia, pasando a outra xurisdición territorial, co que a dirección da emerxencia pode corresponder a outra administración.
- Cambio no organismo que legalmente ten competencias de dirección da emerxencia.
- Relevos do persoal en emerxencias de longa duración.

4.4. Flexibilidade na organización da rede

A organización da rede de mando operacional único debe ser flexible e adaptable ás necesidades concretas segundo a situación da emerxencia. É dicir, para conseguir os obxectivos tácticos planeados en cada momento só debe reflexar os requisitos necesarios.

A flexibilidade tamén ven marcada polas desmobilizacións dos recursos que xa non son necesarios en cada momento, evitando un maior custe e que ese recurso non estea dispoñible para outra incidencia.

O tamaño organizativo que se precisa en cada momento establecerá o plan de acción elaborado para cada incidencia.



4.5. Terminoloxía común

Na intervención dunha emerxencia participan unha gran diversidade de organismos, problema que se maximiza cando ten lugar en zonas fronteirizas con organismos e medios de distintos países ou outra xurisdición territorial. Isto implica, unha terminoloxía común para a rede de mando único coñecida por todos eses medios.

A terminoloxía común refírese a elementos organizativos, postos, recursos... Dentro dos elementos organizativos existe un patrón para designar cada nivel da rede: seccións, ramas, etc.

Para evitar confusións coas denominacións dos postos dos distintos organismos que interveñen na emerxencia, aqueles que asumen unha responsabilidade de dirección están denominados como Oficial, Xefe, Supervisor, etc.

En canto aos medios e recursos resulta máis complicado debido á diversidade dos mesmos. Pero cada medio e/ou recurso debería ten outra denominación que se axustara á nomenclatura utilizada nas zonas fronteirizas que puidera actuar.

4.6. Integración de comunicacións

A maior dificultade que nos atopamos na xestión da emerxencia in situ é que cada organismo utiliza os seus propios sistemas de comunicación podendo ser coincidentes ou non, o que non facilita unha interconexión de comunicación entre os medios que participan na emerxencia, o que pode levar a un problema de seguridade.

Ao igual que se require un plan de acción única, igualmente se precisa dun plan de comunicacións.

Ademais, para integrar todos os sistemas necesitaranse pasarelas entre os distintos sistemas de comunicación para que todos os medios que interveñen dispoñan de comunicación.

4.7. Plan de acción da incidencia

Cada situación de emerxencia necesita un plan de acción, elaborado pola Sección de Planificación e baixo a supervisión do *Incident Commander*. Debe ser un plan flexible e en continua reavaliación que permita ás persoas con responsabilidades de dirección dispor das directivas apropiadas para as accións futuras.

Estes plans deben abarcar un período de tempo determinado (período operativo), que variará en función das características de cada emerxencia.

Estes plans deben realizarse sempre por adiantado ao seu período operativo, conseguindo desta forma que cando comece o período operativo planificado todos os recursos estean dispoñibles e organizados.

Todo o persoal con responsabilidade de mando na rede de mando, debe coñecer o plan de acción antes do período operativo ao que se aplica.

4.8. Organización da rede

Este sistema presenta unha rede de mando único funcional, modular e flexible permitindo expandir ou contraer a rede segundo a evolución da emerxencia. Cada posto dentro da rede pódese asignar sen estar asignados os postos que están sobre el.

O seguinte diagrama amosa todos os postos que contempla a rede baseada no sistema I.C.S. Na maioría das emerxencias soamente se empregan determinados postos. Normalmente sempre existirá a Sección de Operacións, a Sección de Planificación, a Sección de Loxística e a Sección Económica-Administración desenvolvidas segundo as necesidades da emerxencia dende unidades simples ata unha rede con divisións e grupos.




Figura 1. Diagrama completo da organización do I.C.S.

A terminoloxía común contribúe ao entendemento entre o persoal dos distintos organismos que poden intervir de modo coordinado nunha emerxencia. Ademais, o proceso de emisión e transmisión de ordes tamén se tornaría confuso.



4.9. Estrutura organizativa da rede

A estrutura da rede está deseñada na designación dun responsable máximo, *Incident Commander*, e con seccións organizativas para o resto de funcións. En conxunto denomínase Staff General.

Sobre a figura do *Incident Commander* recae a responsabilidade superior do desenvolvemento efectivo e seguro das restantes funcións de dirección. Se a emerxencia é reducida, o *Incident Commander* desempeña todas as funcións, pero se a situación de emerxencia é máis complexa, pode delegar a autoridade para dirixir algunhas funcións.

4.9.1. Staff de Mando

O *Incident Commander* ten a responsabilidade sobre as funcións de: información, seguridade e enlace. Son desempeñadas polo mesmo, ou en emerxencias maiores delega nos seguintes postos:

- **Oficial de Información:** punto de difusión da información sobre a emerxencia a prensa e outras axencias e organismos. As razóns da designación son:
 - A demanda de información que obstrúa a efectividade do *Incident Commander*.
 - Reducir o risco de versións contraditorias ou inexactas.
 - Pode ser necesario alertar aos cidadáns ou darlles instrucións determinadas.
 - Necesidade de distribución de notas de prensa, co que se garantiza a transmisión da información.
- **Oficial de Seguridade:** a función é avaliar os riscos e as situacións inseguras, para garantir a seguridade do persoal. Dispón de autoridade para deter directamente intervencións inseguras cando o persoal se atope nun perigo inminente para a súa integridade.
- **Oficial de Enlace:** es o elemento de contacto na emerxencia entre o persoal de departamento e servizos participantes ou colaboradores. As razóns da designación son:
 - Os distintos organismos poden enviar representantes que deben atenderse e coordinarse no Posto de Mando.
 - No noso caso pode afectar a distintas xurisdicións territoriais, o que incrementa a necesidade de enlace e coordinación. Sobre todo cando o idioma é distinto.

4.9.2. Sección de Operacións

Ten como función a dirección e coordinación de todas as operacións tácticas nunha situación de emerxencia, baixo a dirección do Xefe de Sección de Operacións.

A organización desta sección adaptárase segundo as necesidades da emerxencia, do tipo de emerxencia, dos organismos involucrados e dos obxectivos e estratexias establecidas.

Inicialmente os medios mobilizados reportarán sobre o *Incident Commander*, pero conforme evolucione a emerxencia deberá constituírse esta sección. A sección poderase dividir en ramas, divisións e grupos segundo a necesidade.

Nesta sección tamén se incorpora o **Centro de Recepción de Medios (C.R.M.)** ou de ser o caso unha coordinación de medios aéreos.

Os C.R.M. son emprazamentos, próximos ás emerxencias, onde se rexistran os recursos mobilizados e se asignan ás operacións. Desta maneira evítase que un recurso se incorpore a unha emerxencia de modo descoordinado. Este emprazamento non debe utilizarse para almacenamento de recursos non dispoñibles nin para actividades loxísticas.

No caso de empregar medios aéreos esta rama pode dividirse en Grupo Aéreo Táctico que se encarga de coordinar todas as actividades de voo, de todo tipo de aparatos e o Grupo de Apoio Aéreo para fornecer apoio dende terra aos medios aéreos, mantendo comunicacións con bases de helicópteros, aeródromos...

4.9.3. Sección de Planificación

Está dirixida polo Xefe de Sección de Planificación.

A función máis importante é avaliar a información dispoñible da emerxencia e os factores influentes para facer unha previsión da evolución nos seguintes períodos, e que o plan de acción se adapte a esa previsión.

Tamén é a encargada de realizar:

- Plan de acción da emerxencia.
- Plan de desmobilización de recursos.
- Documentos requiridos para a dirección da emerxencia.
- Distribución da información sobre a situación.
- Preparar informes.

Pode estar dividida en:

- **Unidade de recursos:** control de todos os recursos humanos e materiais asignados á emerxencia (tempos de entrada, saída, situacións intermedias...)
- **Unidade de situación:** recolle e analiza a información sobre a situación da emerxencia. Desenvolve a tarefa de prever a evolución da emerxencia.
- **Unidade de documentación:** prepara o plan de acción da emerxencia e se encarga da súa distribución.
- **Unidade de desmobilización:** coordinar a desmobilización dos recursos de modo ordenado, seguro e eficiente.

4.9.4. Sección de Loxística



A función desta sección é a provisión de servizos e apoio para atender as necesidades da rede de mando fronte á emerxencia. A excepción da parte relacionada cos medios aéreos que é atendida polo Grupo de Apoio Aéreo.

As funcións principais desta función son: comunicacións, avituallamento, transporte, instalacións, mantemento do equipamento, combustibles... todo isto dirixido por un Xefe da Sección de Loxística.

É convinte en grandes emerxencias, establecer dúas ramas cos seus correspondentes directores. Así por un lado teremos a Rama de Servizo na que se encadran as funcións de comunicacións, médica e avituallamento, e a Rama de Apoio na que se agrupan as funcións de apoio terrestre, abastecemento e instalacións.

4.9.5. Sección Económica e de Administración

É a parte encargada da parte económica da emerxencia, realizando xestións de control de tempos de traballo de cada recurso, contabilidade, compras e compensacións de gastos e reclamacións.

Ao igual que o resto de seccións pode haber un técnico especialista no que o *Incident Commander* delegue estas funcións.

4.10. Plan de acción

O plan de acción dunha emerxencia como mínimo debe ter:

- **Declaración de obxectivos:** adecuados para a situación da emerxencia na súa totalidade.
- **Organización:** descrición de que partes da organización da rede de mando se empregará en cada período operativo.
- **Tácticas/Asignación de misións:** preparadas segundo as divisións, grupos e ramas que se establezan, incluíndo estratexia, tácticas e recursos a empregar.
- **Material de apoio:** relación de todo o necesario (plan de comunicacións, plan sanitario, datos meteorolóxicos...)



5. PUNTOS A CONSIDERAR

A continuación, detállanse unha serie de puntos para mellorar a xestión e coordinación *in situ* das emerxencias na zona ARIEM e mellorar o funcionamento da rede de mando único:

- Definir unha base común de formación mínima para os perfís profesionais de intervención de emerxencias máis representativos no marco dunha colaboración nunha emerxencia transfronteiriza.
- Reforzar a colaboración na detección temperá a través dos sistemas de vixilancia fixa e móbil, e o intercambio áxil de información entre os distintos postos de mando de control.
- Tratar de mellorar cuestións prácticas, como dispor da cartografía necesaria, sistemas de comunicación adaptados, e sistemas de localización de medios doutros organismos, a través de ferramentas xa instauradas como o Remote Manager. Esta información en tempo real permitiría coñecer que recursos están mobilizados e a súa localización permitindo un despacho automático de recursos dispoñibles, a fin de mellorar o tempo de resposta.
- Complementar a rede de mando operacional de mando único baseada no I.C.S. con outros métodos complementarios de toma de decisións, como pode ser o modelo de Xestión Operativa do Mando (GOM).